

## II Carreira da Solidariedade, Asociación Xabier Pita, ONG

### Artigo 1. Denominación

A II Carreira da Solidariedade estará organizada pola Asociación Xabier Pita, ONG en colaboración co Concello da Coruña.

### Artigo 2. Día e hora

A carreira terá lugar o día **21 de outubro de 2010 ás 10:30 horas**.

### Artigo 3. Participación

Poderá participar nesta proba calquera persoa que o desexe, sempre e cando estiver correctamente inscrita, tanto en tempo coma en forma.

### Artigo 4. Distancia e percorrido

A proba disputarase sobre un percorrido de sete quilómetros. A carreira comezará na explanada do **Pazo dos Deportes**, continuará polo Paseo Marítimo ata a glorieta Vítimas do Terrorismo (ao lado do Millennium) e volverá cara ao Pazo dos Deportes. Poderase dispoñer dos **servizos de ducha e vestiarios** do Pazo dos Deportes.

### Artigo 5. Categorias e Premios

Establécense as categorías masculina e feminina e, dentro destas, as seguintes:

Chupete: nad@s despois de 2002	Promesa: nad@s en 1988, 1989 e 1990
Benxamín: nad@s en 2001 e 2002	Sénior: nad@s en 1987 ata veteran@s
Alevín: nad@s en 1999 e 2000	Veteran@s:
Infantil: nad@s en 1997 e 1998	Veteran@s 35-44
Cadete: nad@s en 1995 e 1996	Veteran@s 45-54
Xuvenil: nad@s en 1993 e 1994	Veteran@s 55- 64
Júnior: nad@s en 1991 e 1992	Veteran@s 65 en adiante

### PERCORRIDO

	distancia	hora saída
Chupete:	300 m	10:30 h
Benxamín e Alevín:	1.500m	11:00 h
Infantil – Cadete – Xuvenil:	4.000 m	11:20 h
Júnior – Sénior – Veteran@s:	7.500m	12:00h

**Haberá premio ao corredor@ máis novo e ao máis veteran@.**

### Artigo 6. Inscripcións.

**O prezo da inscrición son 5 euros**, que se aboarán no momento de apuntarse (Caixanova. Conta nº: 2080 0151 10 0040034793) ou ao recoller o dorsal. **A inscrición é GRATUÍTA para as categorías chupete, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.** As inscricións poderanse realizar na web da Federación Galega de Atletismo ([www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)) e na da Asociación Xabier Pita, ONG ([www.xabierpita.es](http://www.xabierpita.es)). **Os inmigrantes terán inscrición gratuíta.**

**O prazo xeral de inscrición é até o xoves 18 de novembro de 2010.**

### Artigo 7. Retirada do dorsal e da camiseta.

As camisetas e os dorsais entregaranse unha hora antes do horario de saída. É imprescindible presentar o resgardo que se entregou á hora de inscribirse. No caso das inscricións a través da páxina web, valerá co DNI ou fotocopia.

Nota: As tallas das camisetas entregaranse por estrita orde de recollida do número. Haberá un importante sorteo con regalos das empresas e institucións colaboradoras.